



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Alto da Croa II (concellos de Vimianzo e Dumbría), promovido por GAMESA Energía SAU, clave 2011/0014,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "Documento ambiental" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "Documento ambiental" e coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), e no Anexo I da Directiva Aves, o proxecto podería afectar a 6 especies de vertebrados catalogadas e con presenza probable ou segura na zona (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Circus pygargus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Arvicola sapidus*, *Felis sylvestris*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Alto da Croa II (concellos de Vimianzo e Dumbría), promovido por GAMESA Energía SAU, clave 2011/0014:

1. Contemple a Avaliación Ambiental Estratéxica do proxecto.
2. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Alto da Croa, do mesmo promotor e situado a menos de 2 km de distancia.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Arvicola sapidus* e *Felis sylvestris*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxéas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circus pygargus* e *Rhinolophus ferrumequinum*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.

4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2011